




Todos os Premios de Literatura Xuvenil

- 2006: **Jaureguizar**
A Cova das Vacas Mortas
- 2007: **An Alfaya**
Illa Soidade
- 2008: **Marilar Aleixandre**
A Cabeza de Medusa
- 2009: **Rosa Aneiros**
As de bolboreta
- 2011: **Héctor Carré**
Febre
- 2014: **Eduardo Santiago**
O Gran Reino

XERAIS

Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Teléfonos 986 214 888 • 986 214 880
Fax: 986 201 366
xerais@xerais.es • www.xerais.es

premio jules verne de literatura xuvenil 7^a edición



EDICIÓN XERAIS DE GALICIA



XERAIS



Edicións Xerais de Galicia,
en colaboración con
Ámbito Cultural-El Corte Inglés,
convoca a sétima edición
do **PREMIO DE LITERATURA
XUVENIL** en lingua galega,
dotado con 10.000 euros,
que se rexerá
polas seguintes bases:

premio jules verne de literatura xuvenil 7ª edición

1ª. Poderán concorrer ao premio todos aqueles autores/as de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente. Os textos presentados han ser inéditos e totalmente orixinais, non podendo ter sido comunicados, nin na súa totalidade, nin por partes, por ningún tipo de procedemento.

2ª. De cada orixinal presentaranse seis copias en papel, mecanografadas a dobre espazo e debidamente encadernadas, acompañadas dun cedé no que se incluíra a obra en formato pdf, antes do día 27 de marzo de 2015 nos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia, S.A., rúa Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo.

3ª. Co orixinal, que deberá ser presentado baixo lema e sen ningún tipo de dato que identifique ao seu autor/a, achegarase, en sobre pechado, o nome completo, enderezo e teléfono do autor/a, así como o título da obra, indicando no sobre: para o Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil.

4ª. O xurado estará composto por cinco membros, escollidos entre lectores e lectoras e un secretario con voz e sen voto en representación de Edicións Xerais de Galicia, S.A. O premio outorgarase por maioría de votos.

5ª. A composición do xurado darase a coñecer no mes de maio.

6ª. O xurado emitirá o seu fallo no curso da Festa Xerais que se celebrará o día 6 de xuño.

7ª. O premio poderá ser declarado deserto no caso de que o xurado así o estime e a decisión será inapelable.

8ª. Edicións Xerais de Galicia, S.A., que reserva os dereitos de edición sobre a obra premiada en todas as linguas, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros, poderá publicar esta sen limitación do número de exemplares nin de edicións. Os cinco mil primeiros exemplares vendidos estarán libres do pagamento de dereitos de autor/a. O beneficiario/a do premio, que se compromete a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibirá gratuitamente vinte e cinco exemplares da obra publicada.

9ª. Os orixinais non premiados poderán retirarse no mes seguinte ao fallo. Os que non se retiren serán destruídos.

A participación nesta convocatoria requirirá a aceptación das normas contidas nas presentes bases e as decisións do xurado que se teña designado.

Vigo, xaneiro 2015